



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002451

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Decreto de aprobación da concesión de axudas dirixidas a entidades organizadoras das festas patronais parroquiais 2025)

ANTECEDENTES

1. Bases reguladoras da convocatoria de Subvencións dirixida a entidades organizadoras de festas patronais parroquiais para o ano 2025, publicadas no BOP da Coruña núm. 220 do 17.11.2025.
2. Requirimentos de emenda ás entidades que presentaron solicitudes incompletas, conforme o establecido nas bases reguladoras, notificada e respondida electronicamente dentro do prazo de 10 días hábiles.
3. Acta co resultado da Comisión de Valoración descrita nas bases reguladoras, nomeada mediante o decreto de alcaldía 2353/2025 do 29.12.2025, reunida na data do 29.12.2025 para aplicar os criterios de valoración establecidos para esta convocatoria, coas seguintes conclusións:

-A aprobación do resultado de aplicación dos criterios, coas puntuacións obtidas que se indican na táboa de valoración 1.

-Propoñer os importes de subvención correspondentes a cada solicitude admitida, co resultado recollido na táboa 2. O orzamento da convocatoria é suficiente para atender o importe total de axudas proposto.

4. Informe de fiscalización 215C/2025 da fase D do 30.12.2025, que fiscaliza de conformidade a concesión das subvencións e o compromiso de gasto por importe total de 15.000 euros, sinalando a competencia da alcaldía ao non superar o importe de ningún dos gastos os 12.000 euros.

Tendo en conta as solicitudes admitidas a trámite, completadas coa documentación aportada, no seu caso, como resposta aos requirimentos de emenda, considerando a proposta da Comisión de Valoración e o informe de fiscalización da Intervención Municipal, esta Alcaldía

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación de solicitudes aceptadas, que figuran na táboa de valoración 1 do ANEXO, coa puntuación obtida despois de aplicar os criterios de valoración das bases reguladoras.

Segundo.- Aprobar a concesión das axudas correspondentes, segundo a relación recollida na táboa de valoración 2 do ANEXO, a favor das beneficiarias propostas como resultado de aplicar os criterios establecidos nesta convocatoria, recollendo o importe total de axuda.

Terceiro.-Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias de acordo coas bases reguladoras e de conformidade co artigo 45 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Cuarto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, e as persoas físicas ou xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. No caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

ANEXO

Táboa valoración 1

ENTIDADE	Nº días programacin	Contidos tradicionais	Outros contidos culturais do programa festivo	Orzament o investido	Grao de autofinanzamento	Difusión pública da actividade cultural realizada	TOTAL PUNTOS
	Máx. 5	Máx. 20	Máx. 15	Máx 30	Máx 10	Maximo 10	
A.VV. ARMENTAL DE CARNOEDO	5	8	0	6	2	8	29
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CANDIL DE MONDEGO	7,5	11	5,5	11	8	6,5	49,5
ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA VECIÑAL O CASTRO	7,5	15	4,5	13	2	6,5	48,5
ASOCIACIÓN DE FESTAS DE MEIRÁS 2012	7,5	15	4,5	30	15	3,5	75,5
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PLÁTANO DE MOSTEIRÓN	10	15	6,5	30	15	6,5	83
TOTALS:							285,5

Táboa valoración 2

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	PROPOSTA CONCESIÓN (€):
A.VV. ARMENTAL DE CARNOEDO	29	1.523,64
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CANDIL DE MONDEGO	49,5	2.600,70
ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA VECIÑAL O CASTRO	48,5	2.548,16
ASOCIACIÓN DE FESTAS DE MEIRÁS 2012	75,5	3.966,73
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PLÁTANO DE MOSTEIRÓN	83	4.360,77
TOTALS:	285,5	15.000

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.